



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 28 DE XANEIRO DO 2016.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ
(PSOE)

Concelleiros/as :

D. RICARDO GONZALEZ AMARO
(PSOE)
D^a. MARIA LOPEZ TOUZA (PSOE)
D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)
D^a. NOELIA RODRIGUEZ
TRAVIESO (PSOE)
D. CESAR MANUEL FERNANDEZ
GIL (PP)
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ
(PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ
(PP)
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ
(AGRUPACION DE ELECTORES
RIBEIRO EN COMUN)
D. MANUEL VAZQUEZ LOPEZ
(CxG-CCTT)

Secretario Xeral:

Vicente Soto Rodriguez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 19:00 horas do día vinteito de xaneiro de 2016 réunese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rodríguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 29 DE DECEMBRO PASADO.

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección a acta do 29 de Decembro de 2016, ao que se lle resposta negativamente, resultando aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 4 de decembro de 2015, unha, sobre aboamentos.

Do día 21 de decembro de 2015, dúas, sobre aboamentos.

Do día 22 de decembro de 2015. unha, sobre aboamentos.

Do día 28 de decembro de 2015, catro, tres sobre aboamentos e unha sobre eficacia de comunicación previa de obra.

Do día 29 de decembro de 2015, seis, dúas sobre aboamentos, dúas sobre vacacións e dúas sobre concesión servizo de axuda no fogar .

Do día 30 de decembro de 2015, oito, catro sobre aboamentos, unha sobre concesión do servizo de axuda no fogar, unha sobre xeración de crédito, unha sobre nomeamento de tesoureiro e unha sobre contratación de persoal.

Do día 31 de decembro de 2015, seis, cinco sobre aboamentos e outra sobre xeración de crédito.

Do día 4 de xaneiro de 2016 tres, unha sobre concesión de vacacións e dúas sobre aboamentos.

Do día 5 de xaneiro de 2016, unha, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Do día 7 de xaneiro de 2016, dúas, unha sobre aboamentos e unha sobre momeamento de tribunal para baremación méritos.

Do día oito de xaneiro de 20156, dúas, unha sobre aboamentos e unha sobre asuntos varios de recaudatorios.

Do día 11 de xaneiro de 2016, unha, sobre aboamentos.

Do día 12 de xaneiro de 2016, catro, unha sobre aboamentos, dúas sobre concesión servizo de axuda no fogar e unha sobre concesión permiso por enfermidade de familiar en primeiro grao.

Día 13 de xaneiro de 2016, dúas, unha sobre aboamentos e unhas obre solicitude de subvención.

Día 14 de xaneiro de 2016, dúas, unha sobre aboamentos e unha sobre expedición de tarxeta de estacionaneto.

Día 15 de xaneiro de 2016, dúas, unha sobre aboamentos e unha sobre concesión de vacacións.

Día 19 de xaneiro de 2016, unha sobre concesión permiso por enfermidade de familiar en segundo grao.

Día 20 de xaneiro de 2016, dúas, sobre concesión de servizo xantar na casa.

Do 21 de xaneiro de 2016, dúas, unha sobre repsoción da legalidade e outra sobre concesión servizo de axuda no fogar.

Do 25 de xaneiro de 2016, unha, sobre concesión de axuda de emerxencia social.

Do 26 de xaneiro de 2016, unha, sobre concesión de vacacións.

3.- ACORDOS RELATIVOS A RESOLUCIÓN DA CONCESION ADMINISTRATIVA DO APARCAMENTO DA ALAMEDA DO CONCELLO.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 21 de xaneiro de 2016, co seguinte tenor literal: " De seguido o Sr. Presidente da conta da seguinte proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese: "Considerando que con data 24 de xuño de 2015 a Administradora concursal e liquidadora da mercantil Gestima S.L., en relación coa concesión administrativa para a construción, explotación e xestión do aparcamento subterráneo no subsolo da Alameda á empresa Gestima S.L., con domicilio social no Parque Empresarial de Pereiro de Aguiar, Parcela nº 30, Ourense, presentou escrito no que solicita a resolución da concesión administrativa por atoparse a referida empresa en fase de procedemento concursal.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Considerando que o día 6 e 8 de xullo de 2015 foron emitidos informes de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento que se debía seguir.

Considerando que foron realizados os trámites de audiencia ao contratista e ao avalista ou asegurador.

Considerando que o día 21.12.2015 foi emitido un ditame polo Consello Consultivo de Galicia en relación co devandito expediente, con base nos artigos 109.d) do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, e 211.3.a) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Visto os **ANTECEDENTES DO FEITO** que se relacionan a continuación:

PRIMEIRO.- Con data 30 de xuño de 1998, o Concello de Ribadavia formalizou contrato para a construción e xestión do aparcadoiro subterráneo da Alameda coa empresa Gestima S.L., coa cualificación de contrato de xestión de servizos público, previa a tramitación do oportuno concurso público para a adxudicación.

En virtude do dito contrato, Gestima S.L. asumía a obriga de realizar as obras de construción do aparcadoiro, con 221 prazas, coa contraprestación de xestionar o servizo público de aparcadoiro durante un prazo de cincuenta anos, nas condicións establecidas polo Concello, fixándose o número máximo de prazas en réxime de cesión permanente en 110, así como os prezos públicos de cesión do uso do aparcadoiro, tanto de carácter permanente como en réxime de rotación horaria.

No prego articulado de condicións técnicas, xurídicas e económicas que rexeu a licitación para a adxudicación deste contrato – prego que se incorporou ao contrato, por imperativo legal, e tal e como sinala a súa cláusula primeira – cabe destacar as seguintes cláusulas, particularmente relevantes para o caso que nos ocupa:

A cláusula 39^a, apartado a), na que se regula, como suposto extraordinario de terminación da concesión, a “disolución ou creba da sociedade concesionaria, sen que exista dereito a indemnización algunha”.

A cláusula 42^a, na que se establece que ao remate da concesión, calquera que sexa a súa causa, o concesionario debe deixar libres as instalacións, a disposición do concello, nun prazo de trinta días a contar dende a notificación da resolución.

SEGUNDO.- Con data 24 de xuño de 2015, dona Beatriz Zunzunegui Martínez, presenta un escrito ante o concello de Ribadavia, no que expón que a sociedade mercantil Gestima S.L. foi declarada en concurso voluntario de acredores mediante auto do Xulgado de 1^a Instancia nº 4 de Ourense, de 29 de xaneiro de 2015 (BOE de 3 de febreiro de 2015), e que con data 10 de febreiro de 2015 aceptou o nomeamento como administradora concursal da dita mercantil. Nesa condición, e tendo en conta que por auto de 7 de maio de 2015 declarouse finalizada a fase común do procedemento concursal e abriuse a fase de liquidación, a administradora concursal solicita a resolución do contrato de xestión do aparcadoiro.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

TERCEIRO.- Con datas 6 e 8 de xullo de 2015, o Secretario do Concello de Ribadavia, emitiu dous informes sobre este asunto, co contido que constan no expediente. No informe de data 6 de xullo informase sobre a concorrencia dunha causa de resolución do contrato e sobre o procedemento a seguir para adoptar o correspondente acordo de resolución por parte do órgano de contratación, de conformidade co previsto no vixente Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Asi mesmo consta no expediente informe do Secretario Xeral da Deputación Provincial de Ourense de data 22 de outubro de 2015.

CUARTO. Con data 29.10.2015 mediante acordo Plenario deusele trámite de audiencia a Administradora Concursal o cal foi notificado o día 04.11.2015, co seguinte teor:

1º.- Conceder a Administradora concursal trámite de audiencia, polo prazo de 10 días dende a notificación do presente acordo, para que poida examinar o expediente que se está a tramitar no Concello, presentar alegacións e os documentos e xustificantes que considere oportunos.

2º.- Requerir a Administradora concursal para que proceda a remitir a esta Administración Local información sobre o persoal laboral adscrito ao servizo concedido e as súas condicións laborais, a relación de usuarios do aparcamento en réxime de cesión permanente, cuxos dereitos non se extinguen pola extinción da concesión administrativa, senón que deben ser respectados, a relación de usuarios en réxime de aluguer, relación de contratos formalizados pola empresa concesionaria (luz, teléfono, alarma, seguros, limpeza e mantemento das instalacións...), así como outras cuestións que a Administradora concursal considere de relieve para a continuidade do servizo".

3º.- Dar traslado do presente acordo a Administradora concursal.

QUINTO.- Con data 13.11.2015, rexistro de entrada núm. 5461 de data 17.11.2015, a Administradora Concursal presentou alegacións co teor que consta no expediente.

SEXTO.- O día 06.11.2015, os servizos técnicos emitiron un informe sobre o estado dos bens que reverterán ao Concello unha vez que se resolva o contrato, facendo constar o deficiente estado de conservación do mesmo, facendo unha valoración económica das deficiencias, alcanzando esta a cantidade de 359.975 euros.

Considerando a **LEXISLACIÓN APLICABLE** que se relaciona de seguido:

A lexislación aplicable ao asunto é a Lei 13/1995 de 18 de maio de Contratos das Administracións Públicas (LCAP) ao ser a norma vixente no momento da adxudicación do contrato, por aplicación do réxime transitorio establecido na normas reguladoras da contratación pública posteriores á citada LCAP (Disposición Transitoria



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

1ª do vixente Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, Disposición Transitoria 1ª da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e Disposición Transitoria 1ª do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño).

No que se refire ás normas regulamentarias, e tendo en conta o establecido na Disposición Transitoria única do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aprobou o Regulamento Xeral da LCAP, será de aplicación o establecido no Real Decreto 390/1996, de 1 de marzo, de desenvolvemento parcial da LCAP (en particular, o seu artigo 26, relativo ao procedemento de adopción dos acordos de resolución de contratos) así como as disposicións do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, (en particular, a sección II do capítulo V do seu Título III, no que se regula a concesión de servizos públicos) e o establecido no Regulamento Xeral de Contratación do Estado, aprobado por Decreto 3410/1975, de 25 de novembro (loxicamente, en ámbolos dous casos, no que non se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles coa LCAP).

Ademais destas normas xerais da contratación pública deben terse en conta as normas específicas contidas na lexislación de réxime local, como o artigo 114 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

PRIMEIRO.- Visto que o establecido no artigo 168 en relación cos artigos 112.b) e 113.2 da LCAP, que a declaración de creba, concurso de acredores ou insolvente ou falido en calquera procedemento orixinará sempre a resolución do contrato.

SEGUNDO.- Visto que o feito de que a resolución do contrato sexa unha consecuencia imperativamente prevista na normativa aplicable non implica que a resolución sexa automática e se produza *ope legis*, por ministerio da propia Lei, tal como establece o artigo 113.1 da LCAP "*la resolución del contrato se acordará por el órgano de contratación de oficio o a instancia del contratista, en su caso, mediante procedimiento en la forma que reglamentariamente se determine*". Neste senso, debe rexeitarse o argumento da administradora concursal da concesionaria, que afirma que neste caso debe aplicarse o disposto no artigo 113.2 da LCAP, no canto do preceptuado no 113.1 que se acaba de citar. E debe rexeitarse debido a que en realidade as regras do 113.1 e do 113.2 da LCAP non son contraditorias entre si. En efecto, o 113.1 establece que a resolución require un acordo do órgano de contratación, en tanto que o 113.2 sinala que nos supostos de creba, insolvencia ou concurso de acredores a resolución será obrigada. Estas dúas regras non son contraditorias: unha cousa é que a resolución sexa obrigada, e outra diferente é que se produza de xeito automático. Non se discute, en efecto, que a resolución sexa obrigada – que o é, como resulta obvio – senón que esa resolución se produza de forma automática. Entendemos que aínda que sexa obrigada resulta non obstante necesario un acto administrativo por parte da administración, que entre outros aspectos debe concretar as consecuencias xurídicas da resolución (que, doutro xeito, quedarían indeterminadas). En definitiva: non se trata de optar entre a



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

regra do 113.1 da LCAP e a regra do 113.2, senón de aplicar conxuntamente ambas normas, posto que son complementarias, non contraditorias.

TERCEIRO.- Visto o previsto no artigo 26 do RD 390/1996, de 1 de marzo, de desenvolvemento parcial da LCAP, que textualmente dispón o seguinte:

"1. La resolución del contrato se acordará por el órgano de contratación, de oficio o a instancia del contratista, previa autorización, en el caso previsto en el último párrafo del artículo 12.2 de la Ley del Consejo de Ministros y cumplimiento de los requisitos siguientes:

a) Audiencia del contratista por plazo de diez días naturales, en el caso de propuesta de oficio.

b) Informe del servicio jurídico, salvo en los casos previstos en los artículos 42 y 97 de la Ley.

c) Dictamen del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma respectiva, cuando se formule oposición por parte del contratista."

Polo tanto visto o teor da alegacions presentadas pola Administradora concursal, faise necesario ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia en relación co devandito expediente, con base nos artigos 109.d) do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, e 211.3.a) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- Respecto a reclamación feita pola administración concursal o abeiro do establecido no artigo 170.1 da LCAP, por importe de 1.478.671,50 euros, correspondentes ás obras suxeitas a reversión e non amortizadas, a norma invocada establece, literalmente, que *"en los supuestos de resolución, la Administración abonará, en todo caso, al contratista el precio de las obras e instalaciones que, ejecutadas por éste, hayan de pasar a propiedad de aquélla, teniendo en cuenta su estado y el tiempo que restare para la reversión"*. A norma non distingue entre os diferentes supostos de resolución, polo que semella operar con carácter xeral, como unha garantía do investimento do concesionario, implicando, deste xeito, unha forte modulación do principio xeral de risco e ventura, recollido na LCAP no artigo 99 e, especificamente para a concesión de servizos públicos, na propia definición desta modalidade do contrato de xestión de servizos públicos contida no artigo 157.a), no que en virtude da concesión o empresario xestionará o servizo ao seu risco e ventura. Tal como está redactado o antedito artigo 170.1 LCAP resulta forzoso admitir o recoñecemento legal desta garantía de recuperación do investimento por parte do concesionario, da que nin sequera se exceptúan os supostos nos que a resolución obedeza a un incumprimento culpable do contratista (sen prexuízo de que nestes casos proceda a indemnización á Administración, a cargo do concesionario, dos danos e prexuízos causados pola resolución; danos e prexuízos que, semella, non son incompatibles con esa garantía de aboamento do investimento en todo caso realizado, e sen prexuízo da compensación recíproca de ámbalas dúas indemnizacións, de se – lo caso).



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Agora ben: no caso que nos ocupa non se pode esquecer que existe unha cláusula do prego - a cláusula 39ª, expresamente incorporada ao contrato pola cláusula primeira deste último - que, textualmente, establece, para os supostos de resolución por disolución ou creba da sociedade concesionaria, que nestes casos non existirá “dereito a indemnización algunha”. A cuestión que suscita esta cláusula non é a da súa interpretación - pois o seu significado é claro e rotundo - senón a da súa aplicabilidade, dado que é claramente contraditoria coa norma legal do artigo 170.1 LCAP.

De entrada, cabe advertir que a cuestión non se pode resolver pola simple aplicación do principio de xerarquía normativa, dado que non estamos ante un suposto de confrontación de dúas normas de diferente rango, senón ante a confrontación entre unha norma e unha cláusula contractual que, como tal, foi aceptada polas partes (polo Concello de Ribadavia, que a introduciu no prego, e por Gestima S.L., que a aceptou xa na proposición presentada - na que se facía referencia expresa á aceptación das condicións establecidas no prego - e no contrato asinado, cuxa cláusula primeira remite, sen ningún tipo de exclusión, ao estipulado no prego). Pola contra, o criterio a seguir debe partir de analizar se, ao abeiro do principio de liberdade de pactos, expresamente recoñecido no artigo 4 da LCAP, pode considerarse válida unha cláusula contraditoria cunha norma legal. Neste senso, o artigo 4 da LCAP dispuña que *la Administración podrá concertar los contratos, pactos y condiciones que tenga por conveniente siempre que no sean contrarios al interés público, al ordenamiento jurídico o a los principios de buena administración y deberá cumplirlos a tenor de los mismos, sin perjuicio de las prerrogativas establecidas por la legislación básica en favor de aquélla*. A liberdade de pactos, pois, enmárcase en tres límites precisos: o respecto ao interese público, ao ordenamento xurídico e os principios de boa administración.

Semella claro que a cláusula 39ª do prego non é contraria ao interese público, ao tratarse dunha cláusula que protexe á facenda local fronte a eventualidade da creba ou disolución da sociedade concesionaria. Pode afirmarse, máis ben, o contrario: a cláusula 39ª protexe o interese público, máis aló do previsto na propia LCAP, sacrificando o interese particular do concesionario. Pola mesma razón, non pode considerarse unha cláusula contraria aos principios de boa administración. É máis: trátase dunha cláusula profundamente coherente co propio concepto do contrato de concesión que, lémbrese, ten como elemento esencial o principio de risco e ventura, isto é: a translación do risco económico da explotación da concesión ao empresario contratista (e, igualmente, da ventura, isto é: no caso de que os beneficios fosen maiores aos esperados inicialmente, o concesionario non está obrigado a compartilos coa Administración concedente) podendo considerarse que esta cláusula incentiva a boa administración - ao trasladar, pura e simplemente, o risco da explotación ao concesionario. Neste senso, a previsión legal do artigo 170.1 - que, sen dúbida, pode ser plausible dende unha vontade de protexer os intereses dos investidores - resulta, en todo caso, incoherente co principio de risco e ventura que a mesma Lei proclama nos artigos 99 e 157.a), ao enunciarse en termos tan amplos e indiscriminados, obrigando á Administración a actuar como unha sorte de aseguradora do investimento do concesionario.

Resta examinar se a cláusula 39ª cumpre co terceiro límite, isto é, o respecto ao ordenamento xurídico. Nunha primeira aproximación, a resposta semellaría negativa, en



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

tanto en canto a cláusula contradí o artigo 170.1 LCAP. Unha conclusión semellante partiría de concibir o artigo 170.1 da LCAP como unha norma de *ius cogens*, isto é, como unha norma de Dereito necesario de inescusable cumprimento para as partes. Pero, a este respecto, nin na LCAP nin nas normas regulamentarias que a desenvolven se contén ningún pronunciamento específico respecto do carácter deste precepto. Así, e a diferenza do que sucede con determinadas cláusulas – respecto das que existen normas que expresamente prohiben o seu establecemento, como é o caso do artigo 116.3 da RSCL (que establece que “*serán nulas las cláusulas por las que la Corporación concedente renunciare a fiscalizar el servicio o imponer modificaciones al rescate, si lo aconsejare el interés público, o declarar la caducidad en casos de infracción grave*”) ou no 116.4 (que prescribe que “*serán también nulas las cláusulas que establecieran la irrevisabilidad de las tarifas en el transcurso de la concesión, o confiriesen al concesionario derecho de preferencia a la gestión del servicio una vez extinguido el plazo de la otorgada*”) non existe ningunha regra que expresamente estableza a indisponibilidade pola partes, ao abeiro do principio de liberdade de pactos, do establecido no artigo 170.1. Isto esixe unha análise do contido deste precepto, para determinar se pode ou non considerarse como unha norma de *ius cogens*.

Pois ben: si se observa o contido desta norma, é claro que o que establece é un dereito de contido económico a favor do concesionario. Como tal, ese dereito é renunciabile, ao abeiro do establecido no artigo 6.2 do Código Civil – norma que se estima aplicable conforme ao sinalado no artigo 7.1 da LCAP, que declara supletorias as normas de Dereito privado para integrar o réxime xurídico dos contratos administrativos. En efecto, o carácter puramente xenérico con que se enuncia o principio de liberdade de pactos no artigo 4 da LCAP obriga a acudir, ante a falla de definición de qué normas da LCAP teñen o carácter de *ius cogens* e cales non, ás normas xerais do Código Civil sobre eficacia das normas xurídicas, contidas no seu Título Preliminar. Pois ben: o artigo 6.2 do Código Civil establece que “*la exclusión voluntaria de la ley aplicable y la renuncia a los derechos en ella reconocidos sólo serán válidas cuando no contraríen el interés o el orden público ni perjudiquen a terceros*”. No caso que nos ocupa – e, insisto, non existindo ningunha norma que expresamente impida a renuncia a este dereito por parte do concesionario – resulta evidente que a renuncia a esa indemnización por parte do concesionario (patente na súa aceptación das cláusulas do prego, e no feito de que este non fose impugnado en ningún momento) non é contraria ao interese público (polas razóns xa expostas anteriormente, dado que protexe este interese) nin pode considerarse contraria ao orde público (posto que dificilmente pode estimarse, no marco institucional dunha economía de libre mercado, que a renuncia a un dereito puramente económico por parte dun empresario vulnere o orde público). Non consta tampouco que a cláusula prexudique a terceiros. En particular, non se considera que esta cláusula prexudique aos acredores da masa activa, dado que non é esta cláusula a que provocou a situación de concurso da concesionaria nin consta tampouco que os acredores – de cuxos créditos, en todo caso, a Administración municipal carece de información, porque a administradora concursal non llos facilitou – contratasen coa concesionaria tendo en conta a existencia do dereito previsto no artigo 170.1 LCAP.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Esta interpretación ven sido admitida pola xurisprudencia do Tribunal Supremo. Así, a sentenza de 10 de maio de 2004 (Sala 3ª, Sección 7ª, La Ley Juris 1432/2004) admite esta solución para un suposto dunha cláusula na que o contratista renunciada ao dereito a ser indemnizado en caso de supresión do servizo. O Tribunal Supremo razoa que *“esta cláusula es perfectamente válida. Se encuentra amparada en el principio de libertad de pactos que se recoge en el artículo 3 de la LCE”* (a mesma regulación que no artigo 4 LCAP) *“no habiendo en ella nada contrario al interés público, al ordenamiento jurídico o a los principios de buena administración. En relación con el ordenamiento jurídico, el artículo 6.2 del Código Civil admite como válida la renuncia a los derechos reconocidos por las leyes (en este caso, a la indemnización en caso de supresión del servicio) exigiendo solamente que la renuncia no sea contraria al interés público o al orden público ni perjudique a terceros, circunstancias que no se dan en el supuesto que analizamos.*

Por otra parte, tampoco cabe invocar la ruptura del equilibrio económico – financiero del contrato de gestión de servicios públicos, ya que la empresa contratista sabía desde el primer momento, al aceptar el pliego de condiciones, que en caso de suprimirse el servicio no tendría derecho a indemnización alguna”. Debe subliñarse que no caso resolto nesta sentenza polo Tribunal Supremo a renuncia ten incluso maior transcendencia, dado que a decisión de suprimir o servizo é unha decisión discrecional da Administración, en tanto que no caso que nos ocupa a cláusula opera por causas alleas á Administración pública.

En conclusión: a cláusula 39ª, libremente aceptada polo concesionario, implica unha renuncia deste ao dereito recoñecido no artigo 170.1 LCAP, renuncia que, como tal, se introduce no contido obrigacional do contrato, vinculando deste xeito ao concesionario. Esa renuncia debe reputarse válida, ao abeiro do principio de liberdade de pactos recollido no artigo 4 da LCAP e do carácter renunciante do dereito económico ao que se refire conforme ao artigo 6.2 do Código Civil.

Polo que se refire ás alegacións da administradora concursal ao respecto desta cuestión, baséanse, en dous argumentos: en primeiro lugar, sinala que a cantidade reclamada non é unha “indemnización por danos ou prexuízos”, senón un “dereito económico” que a Lei concede ao contratista para evitar o enriquecemento inxusto da Administracións; en segundo lugar, argumenta que en todo caso non houbo en ningún momento renuncia a ese dereito por parte da concesionaria, invocando a xurisprudencia que sinala que a renuncia debe ser “clara, determinante e inequívoca”.

Ámbolos dous argumentos debe ser rexeitados, polas razóns seguintes:

a) Polo que se refire ao primeiro deles, entendemos que a distinción empregada pola concesionaria entre “indemnización” e “dereito económico” non existe neste caso, constituíndo un simple artificio argumental. En efecto, ese dereito económico é, evidentemente, un dereito de natureza indemnizatoria, posto que o seu obxecto é compensar ao concesionario o prexuízo que lle causa a perda do investimento realizado – a imposibilidade de recuperalo – como consecuencia da resolución da concesión. Por conseguinte, trátase dunha auténtica indemnización e, como tal, excluída pola cláusula 39ª do prego de condicións da concesión.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

b) Polo que se refire a que a renuncia debe ser “clara, determinante e inequívoca”, entendemos que neste caso – no que o concesionario asinou o contrato incluíndo a súa cláusula 39ª – este requisito se cumpre plenamente, posto que a dita cláusula 39ª é clara, terminante e inequívoca ao excluír calquera indemnización en caso de resolución por creba, insolvencia ou concurso de acredores.

En definitiva, deben rexeitarse os argumentos da administración concursal, en desestimarse a reclamación da indemnización por importe de 1.478.671,50 euros, correspondentes ás obras suxeitas a reversión e non amortizadas

QUINTO.- Con respecto ao destino que debe darse á garantía constituída pola concesionaria, o artigo 114.5 da LCAP sinala que o acordo de resolución debe conter un pronunciamento expreso ao respecto.

Neste senso, o artigo 114.4 prevé a incautación da garantía como un efecto automático nos supostos de resolución por incumprimento culpable do contratista. Neste caso, non obstante, non pode falarse dun incumprimento culpable como causa de resolución, polo que non se produce ese automatismo na incautación da garantía.

Sen prexuízo do anterior, e conforme ao establecido no artigo 44.2.b) da LCAP, a garantía definitiva responde “*de las obligaciones derivadas del contrato, de los gastos originados a la Administración por demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o en el supuesto de incumplimiento del mismo, sin resolución*”. Isto implica que, aínda que a incautación non sexa automática, procederá en todo caso se existe algunha das responsabilidades ás que dita garantía se estende.

No caso que nos ocupa consta informe dos servizos técnicos municipais, de data 06.11.2015, no que se fai constar o deficiente estado de conservación dos bens suxeitos a reversión, facendo unha valoración económica das deficiencias, alcanzando esta a cantidade de 359.975 euros.

Por conseguinte, existe unha responsabilidade, derivada do incumprimento da obriga de conservación dos bens suxeitos a reversión, cifrada no sinalado importe de 359.975 euros, responsabilidade á que se estende a garantía constituída, polo que procede a súa incautación, sen prexuízo da reclamación da contía restante.

Con independencia do anterior, e dado o avanzado estado do proceso concursal da concesionaria, a reclamación da contía restante deberá realizarse mediante a constitución do Concello como acredor no dito concurso.

SEXTO.- Con data 14.12.2015 de conformidade cos artigos 109.d) do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, e 211.3.a) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, deuse traslado do expediente completo o Consello Consultivo de Galicia os efectos do preceptivo informe, o cál foi emitido con data 21.12.2015, rexistro de entrada do Concello con data 23.12.2015, no que se resolve devolver o expediente por mor de falta de competencia manifesta dese órgano consultivo para a emisión do ditame solicitado.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Despois de ver o que antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación polo Pleno, de conformidade co previsto na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Visto o informe-proposta da Secretaría Municipal do día 12.01.2016, propónse o Pleno, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por dona Beatriz Zunzunegui Martínez, Administradora concursal da empresa Gestima S.L. en relación co expediente de resolución contrato de xestión do servizo público de explotación e xestión do aparcamento subterráneo no subsolo da Alameda, e, en particular, desestimar a reclamación cunha indemnización por importe de 1.478.671,50 euros, correspondentes ás obras suxeitas a reversión e non amortizadas, polos motivos expresados nos informes obrantes no expediente, do que se lles remitirá unha copia aos interesados, xunto coa notificación do presente acordo.

SEGUNDO.- Declarar resolto o contrato de xestión do servizo público de explotación e xestión do aparcamento subterráneo no subsolo da Alameda, suscrito o 30 de xuño de 1998 pola empresa Gestima S.L. e por este concello, por causa do incumprimento contractual imputable ao contratista, subsumible no artigo 113.2 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, así como no prego de cláusulas administrativas particulares previamente aceptado por ambas as partes, polas causas indicadas declaración de concurso da empresa concesionaria. A resolución do contrato terá efectos de data 31.01.2016.

TERCEIRO.- Declarar a existencia de responsabilidade da concesionaria, polos danos e prexuízos causados polo deficiente estado de conservación dos bens suxeitos a reversión, conforme ao sinalado no informe dos servizos técnicos municipais de 06.11.2015. Como consecuencia desta responsabilidade, acórdase adoptar as seguintes medidas:

a) Incautar a garantía constituída pola concesionaria, por un importe de 12.020,24 euros, de conformidade co artigo 114.5 da Lei 13/1995, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas, en relación co artigo 44.2.b) da mesma lei.

b) Acordar a constitución do Concello como acreedor no procedemento concursal, co fin de ser incluído na lista de acredores do concurso polo importe da débeda resultante da diferenza entre a garantía incautada e o importe total de 359.975 euros dos danos e prexuízos causados pola concesionaria.

CUARTO.- As instalacións obxecto do contrato de xestión do servizo público de explotación e xestión do aparcamento subterráneo no subsolo da Alameda reverterán ao Concello, libres de cargas e gravames, sen dereito a indemnización algunha a empresa concesionaria.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

QUINTO.- Facúltase ao alcalde para a realización de cantos actos de execución sexan precisos para a plena efectividade do presente acordo, incluíndo o exercicio de cantas accións xudiciais resulten necesarias a tal efecto.

SEXTO.-Notificar este acordo aos interesados para os efectos oportunos".

De seguido sometese a votación ordinaria proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o Pleno os membros do P.P. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente."

Intervén o Sr. Vázquez López, para manifestar o seu apoio o acordo, xa que consta co aval da Secretaria municipal e do propio Consello Consultivo de Galicia.

O Sr. Fidalgo Martínez, en análogos termos que o Sr. Vázquez López, manifesta o apoio a proposta, indicando que o que debe facer o Concello é defender os intereses da propia institución.

O Sr. Fernández Gil, dí que o seu grupo vai a votar a prol da proposta, indicando que a cidadanía non ten culpa da mala xestión dunha empresa; dí que unha vez resolto o contrato haberá que buscar fórmulas para a xestión do parking, sobre todo se temos en conta que o contrato que temos agora remata no vindeiro mes de marzo.

Intervén o Sr. Iglesias Sendín, para dicir que se seguiu unha tramitación escrupulosa do expediente, que como non podía ser doutra maneira tratase de defender os intereses do Concello, estando de acordo co Sr. Fernández Gil que a partir de agora hai que buscar unha solución o tema do aparcamento.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade a referida proposta relativa a resolución da concesión administrativa do aparcamento da Alameda do Concello.

4.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE A ELABORACION, APROBACION E APLICACION DUNHA RELACION DE POSTOS DE TRABALLO NO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Servicios Municipais, Medio Rural e Deportes de data 21 de Xaneiro de 2016, co seguinte tenor literal: " Intervén o Sr. Presidente da Comisión para dar conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:" **Exposición de Motivos:** O artigo 90.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, establece que as corporacións locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública. Nese sentido, o Estatuto Básico do Empregado Público no seu artigo 74 sinala que as



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

administracións públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estén adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias.

Pois ben, o Concello de Ribadavia non posúe esta ferramenta xurídica de obrigado cumprimento para as administracións públicas, o que supón, entre outras cousas, o incumprimento dunha obriga xurídica. Cómpre sinalar tamén que, de xeito reiterado, no informe económico-financeiro que a intervención municipal adxunta aos orzamentos do concello, sinálase a conveniencia da elaboración dunha Relación de Postos de Traballo (R.P.T.) coa conseguinte valoración dos diversos postos, na que se delimiten tanto as funcións de cada un como as cuestións retributivas, tendo en conta os criterios legais delimitados e cuantificados para cada posto de traballo.

Dende o Partido Popular de Ribadavia consideramos que esta ausencia de R.P.T. no Concello de Ribadavia debe corrixiarse de xeito inmediato dado que constitúe un innegable prexuízo aos dereitos e intereses lexítimos dos traballadores municipais. Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

Acordo:

a) Instar ao goberno municipal á inmediata elaboración, aprobación e aplicación dunha Relación de Postos de Traballo, tal e como esixe a normativa vixente".

Tanto o Sr. Vázquez López como o Sr. Fidalgo Martínez, recalcan a necesidade e obrigatoriedade de facer unha R.P.T., se ben piden que se busquen fórmulas para aforrar custes, tratando de buscar colaboración noutras administracións.

De seguido o Sr. Presidente somete a votación a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o Pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría simple fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fernández Gil, para sinalar que a proposta trae causa nas reiteradas recomendacións que fai o Sr. Interventor nos seus informes relativos ao orzamento municipal sobre a necesidade dunha relación de postos de traballo; dí que é un documento obrigatorio que permitirá garantir os dereitos dos traballadores, tanto delimitando as súas funcións como o réxime retributivo.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para anunciar o seu voto favorable; sinala que unha R.P.T mellorará os dereitos dos traballadores, redundando na eficiencia do funcionamento do Concello; solicita que dito documento se faga coa maior garantía e se trata de buscar colaboración doutra administración pública co obxecto de aforrar custes o Concello, e se non pode ser que se faga polos técnicos do Concello ou ben a través dunha empresa externa.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Intervén o Sr. Iglesias Sendin, para mostrar a conformidade do seu grupo coa proposta, pensa que o documento debe ser feito por persoal externo o Concello e así solicitarán colaboración a Deputación Provincial e base a súa labor de asesoramento técnico e xurídico as entidades locais, polo que propón como enmenda que se engada instar a deputación provincial a elaboración da Relación de Postos de Traballo do Concello de Ribadavia.

O Sr. Vázquez López, manifestar o apoio a moción, se ben quere deixar claro que sendo bo a elaboración do documento para os traballadores non é relevante, e así fai referencia a unha institución que tiña R.P.T. e fixo un expediente de regulación de emprego. Finaliza dicindo que está de acordo en buscar unha institución para que colabore na elaboración deste documento.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para sinalar que o responsable de facer o documento é o Concello e non se trata de derivar responsabilidade cara outras manifestación; dí que está de acordo en buscar colaboración noutras administracións se ben se non se consegue debe ser o Concello o que se dote de medios para facela. Finaliza a súa intervención propondo que se engada a moción que "en primeira instancia se busque colaboración con outras administracións públicas para a súa elaboración".

O Sr. Fernández Gil, pronúnciase no mesmo xeito que o Sr. Fidalgo Martínez, prestando a conformidade coa engadega que se propón de buscar colaboración noutras administracións públicas e non solo na deputación provincial.

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que cada un é consciente do lugar que ocupa no Concello; que o faga a deputación entende que é unha das funcións que ten, asesorar técnica, económica e xurídicamente os Concellos, pensa que dito documento debese facer por persoal de Administración Públicas e mostra a conformidade a engadega proposta polo Sr. Fidalgo Martínez.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da proposta que se transcribe de seguido, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

"a) Instar ao goberno municipal á inmediata elaboración, aprobación e aplicación dunha Relación de Postos de Traballo, tal e como esixe a normativa vixente, buscando en primeira instancia a colaboración para a súa elaboración noutra Administración Pública".

5.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPROMISO POR GALICIA- CONCELLOS TRANSPARENTES PARA O APROVEITAMENTO DAS AUGAS FERREAS.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Cultura e Medio Ambiente de data 21 de Xaneiro de 2016, co seguinte tenor literal: " De seguido a



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Sra. Presidenta da conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese: "**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

PRIMEIRO.- O aproveitamento e disfrute dos recursos naturais constitúen un compoñente esencial na calidade de vida dos veciños, xa que temos a sorte de vivir nun Municipio que conta con moitos recursos, é fundamental aproveitalos sempre que non supoñan un gasto desmesurado para o Concello.

En virtude do exposto, propónse ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes,

ACORDOS

PRIMEIRO.- Instar o goberno municipal a que faga as xestións oportunas, para canalizar as augas férreas, que se atopan preto do camiño da Barca cara a Francelos, e facer unha fonte-estanque na beira do camiño, xa que lle permitiría a moitos veciños (que xa o fan dende tempos inmemoriais) aproveitar as propiedades de ditas augas que como supoño terán coñecemento posúen para a cura de problemas da pel entre outros".

De seguido o Sr. Presidente somete a votación a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o Pleno os membros do P.P. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Vázquez López, para explicar o contido da proposta, di que se trata de augas que teñen propiedades e a súa posta en valor será un atractivo máis para os veciños.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para sinalar que lle parece positivo para Ribadavia todo o que sexa a explotación de augas termais; continúa a dicir que ten dúbidas sobre a propiedade dos terreos así como tamén entende que se debe incluír este recurso no plan da Deputación e aproveita a ocasión para preguntar pola repercusión de dito plan para o Concello.

Intervén o Sr. Fernández Gil, para mostrar o apoio do seu grupo a proposta presentada, agarda a súa aprobación se execute e non como outras mocións que se aprobaron que non se executaron por parte do grupo de goberno. Finaliza a súa intervención dicindo que as augas deberán ser analizadas por organismo oficial para determinar as propiedades das mesmas.

O Sr. Iglesias Sendin, para anunciar o voto a prol da proposta e para porse a disposición do promotor da mesma para empezar a traballar na mesma, en concreto ver o tema da propiedade e a análise das augas; di que falará cos servizos técnicos sobre as actuacións a acometer na zona e pide ao voceiro do P.P. que lle axude a que se cumpran determinadas mocións que se aprobaron no Pleno e cuxa execución corresponde a Xunta de Galicia, organismo gobernado polo partido onde milita.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O Sr. Fernández Gil, manfiesta que o seu grupo fai o que lle corresponde que é votar a prol das propostas no Pleno, a súa execución corresponde o goberno, indicando que nas súas actuacións sempre imperará un ánimo constructivo.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que detectar os problemas é fácil, o difícil é darlle solucións xa que algúns son complexos e outros requiren de inversións económicas importantes, e ahí é onde hai que votar unha mán, polo menos para que nos escoiten; en canto o plan termal da deputación e a súa repercusión di que esta pregunta tamén na fixo na Deputación, di que ata agora o único que recibimos é a cantidade correspondente o plan termal de infraestructuras da Deputación provincial.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

6.- APROBACION, SE PROCEDE, DAS BASES DO 11º PREMIO ABRENTE PARA TEXTOS TEATRAIS DA MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Cultura e Medio Ambiente de data 21 de Xaneiro de 2016, co seguinte tenor literal: " Pola presidenta da comisión dase conta das bases para a convocatoria do XI Premio Abrente para textos teatrais que constan no expediente, dí que son semellantes a de anos anteriores, procedendose de seguido a súa votación, obtendose o seguinte resultado: votos a prol, dous (P.S.O.E.); reservanse para o Pleno os membros do P.P., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes. Por conseguinte por maioría fican ditaminadas favorablemente".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

7.- DISOLUCION DO CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO DAS COMARCAS DO CARBALLIÑO E DO RIBEIRO.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Servizos Municipais, Medio Rural e Deportes de data 21 de Xaneiro de 2016, co seguinte tenor literal: " De seguido o Sr. Presidente da conta dun escrito do Consorcio contra incendios e de salvamento das comarcas no Carballiño e do Ribeiro, no que se informa do estado de tramitación do expediente, indicando que unha vez aprobado inicialmente a disolución polo Pleno do Consorcio, exposto o público e recibido informe da Xunta e da Deputación provincial, o que procede e que por parte dos plenos de cada concello integrante do Consorcio se acorde a disolución do referido consorcio, tal como establece o artigo 143.1.c) da Lei de Administración Local de Galicia (LALGA).

En base a eso propón a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Acordar a disolución do Consorcio contra incendios e de salvamento das comarcas no Carballiño e do Ribeiro, ratificando o acordo adoptado



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

polo Pleno do Consorcio na súa sesión extraordinaria celebrada o pasado 3 de decembro de 2015.

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo o referido Consorcio.

De seguido sométese a votación a urxencia da proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sométese a votación a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous (P.P.); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

8.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

O Sr. Alcalde fai a presentación da seguinte moción de urxencia que de seguido transcríbese:

MOCIÓN

"Visto o expediente que se está a tramitar neste concello relativo a transmisión de titularidade de licenza de autotaxi nº 11 a nome de Don Carlos Cruces Anllo e tendo en conta a documentación obrante no expediente, e en especial o informe do Servicio de Mobilidade de Ourense de data 25.01.2016, proponse o Pleno a adopción do seguinte acordos:

1. Autorizar o cambio de titularidade de licenza municipal de taxi nº 11, titularidade de Don David Vales González, a prol de Don Carlos Cruces Anllo.
2. O interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 2.404,04 euros, en concepto de dereitos de concesión, sen o cal este acordo ficará nulo e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenza de autotaxi e demais vehículos de aluguer".

Procédese a votación de urxencia que se acada por unanimidade dos asistentes, procedendo posteriormente, o Concello Pleno a votar o fondo do asunto, que se acada por unanimidade dos seus asistentes.

Don Brais Fidalgo Martinez, voceiro do grupo municipal Agrupación de Electores Ribeiro en Común fai a presentación da seguinte moción de urxencia:



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

"MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA FAGA UN NOVO REQUERIMENTO AO CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR E SE LEVEN A CABO MELLORAS NA ESCOLA INFANTIL "GALIÑA AZUL" DE RIBADAVIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No Curso 2013-14, e 2014-15 tivéronse varias reunións de pais e nais para falar sobre diversos temas que desgustaban na gardería, así como de eivas que se demandaban arranxar. Estas eivas continúan existindo.

Por parte de pais e nais enviouse unha carta ao Consorcio de Benestar (con copia ao Concello e a Consellería, tamén lle foi remitida á oposición municipal naquela altura) abordando cuestións como os horarios, a accesibilidade e climatización do edificio. Estas reunións continuaron en 2015. Este grupo non coñece si dita carta obtivo resposta.

Esta cuestión foi levada no seu día ao Pleno do Concello de Ribadavia, que o aprobou por unanimidade.

Un breve cronograma:

A finais do ano 2014 técnicos do Consorcio visitaron a escola infantil para facer unha valoración do edificio. Tamén asistiu a arquitecta municipal e resolveuse emitir un informe.

En novembro celebrouse Consello escolar e reunión cos pais e nais, á que asistiu tamén o Alcalde de entón para dar explicacións sobre o tema da licenza provisional e por qué a gardería pública non cumpre a normativa. Mentres tanto saíu no xornal un artigo sobre a cesión dun terro ao Concello para que a escola o use como patio infantil. Aínda que isto se efectuara, descoñeceuse o estado de dita cesión, entendendo que para adecuar o terreo habería que asinar un convenio entre o Concello e o Consorcio.

En abril 2015 celebrouse un novo consello escolar e por parte do anterior Alcalde explicouse que desde o Consorcio realizouse unha chamada para dicir que o ascensor solicitado por pais e nais non é posible, propoñendo mellorar as escaleiras dende a planta principal ata abaixo con bandas antideslizantes e pasamáns infantís, admitindo naquela altura que non había cartos no Consorcio, e sen tratar a cuestión da climatización. Informouse que o Consorcio daba 18.000 euros que pretendían empregar en nivelar, valar e pór céspede no terreo privado cedido e en habilitar un acceso dende a pasarela, ofertando que o Concello podía engadir 3.000 euros.

Por parte dun grupo de nais e pais propoñenlle ao Concello investir eses cartos nas obras de mellora do edificio, no canto de arranxar un terreo que vai ser temporal. Neste sentido, por parte de pais e nais propúxose no seu día un ascensor que conectara os 3 andares do edificio.

Algúns Datos sobre a escola infantil: O número de prazas que oferta a gardería son 43, existindo neste momento nenos e nenas en lista de espera. O máximo que se paga son 240 euros pero con un IPREM de 1.064€ (isto equivale a un soldo de máis de 3.000 para unha unidade familiar de 3 membros). Dependendo isto e as prazas do Consorcio.

Este grupo é consciente que a mellor solución sería optar por unha reforma integral do edificio ou pola construción dunha nova escola infantil con maior capacidade e mellor adaptabilidade as necesidades actuais do noso Concello, da nosa



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

veciñanza e dos seus fillos e fillas. Pero neste momento non se pode fiar todo a grandes obras e reformas, polo que os problemas existentes deben ser abordados sen máis demora.

Un dos obxectivos que un Concello como o noso debe conseguir nesta lexislatura é o de ter unha oferta de servizos atractiva, ampla, accesible e de calidade, pois só así Ribadavia será un lugar con capacidade de asentar nova poboación con fillos e fillas e tamén de manter a veciñanza que aínda vive en Ribadavia. Trátase de combater de verdade un dos principais problemas que o noso Concello ten na actualidade, o da perda acelerada de poboación.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. Tendo en conta que o edificio non cumpre coa normativa , e que foi un edificio cedido polo Concello coa condición de que o consorcio fixera as adaptacións pertinentes, solicitarlle ao Consorcio que adapte dito edificio á normativa.
2. Solicitarlle ao Consorcio a construción dunha aula nova que no seu día se comprometera a cumprir, co obxectivo de darlle cobertura á demanda actual en Ribadavia, xa que consta que coa oferta actual non hai prazas suficientes.
3. Comprometerse a mellorar a flexibilidade horaria para pais e nais. Trasladándolle dita demanda ao Consorcio, ou ben a través de complementar o horario actual desde recursos do Concello.
4. Resolver as seguintes cuestións neste mesmo curso:

- A Climatización do edificio, xa que na actualidade no inverno existe condensación e no verán moitísimo calor.

-Accesibilidade do edificio: para que os cativ@s poidan acceder ao patio. Como este pertence ao colexio, tamén sería necesario asinar un convenio entre o Consorcio e a Consellaría de educación.

De seguido manifesta que non se trata dunha cuestión estritamente urxente senon tratase dunha cuestión de forma no procedemento empregado.

De seguido sométese a votación a urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

A continuación o Sr. Fidalgo Martínez, procede a explicar o contido da moción transcrita con anterioridade, da conta da exposición de motivos e de seguido propón a adopción dos seguintes acordos:

-Solicitarlle ao Consorcio que adapte dito edificio á normativa.

-Solicitarlle ao Consorcio a construción dunha aula nova que no seu día se comprometera a cumprir, co obxectivo de darlle cobertura á demanda actual en Ribadavia, xa que consta que coa oferta actual non hai prazas suficientes.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

-Comprometerse a mellorar a flexibilidade horaria para pais e nais. Trasladándolle dita demanda ao Consorcio, ou ben a través de complementar o horario actual desde recursos do Concello

- Que se resolvan as seguintes cuestións neste mesmo curso:

1. A Climatización do edificio, xa que na actualidade no inverno existe condensación e no verán moitísimo calor.

2. Accesibilidade do edificio: para que os cativ@s poidan acceder ao patio. Como este pertence ao colexio, tamén sería necesario asinar un convenio entre o Consorcio e a Consellaría de educación.

O Sr. Vázquez López, manifesta o seu voto favorable, está de acordo co espírito da moción e espera que se leve a bo término.

O Sr. Fernández Gil, sinala que coincide co diagnóstico do problema, que van a votar a prol da mesma, indicando que neste sentido presentáronse e aprobaronse polo Pleno mocións no ano 2012 e 2013 e de feito no seu momento mantivo unha reunión coa Directora Xeral de Familia e Inclusión Social para solicitarlle a realización dun baño, cuestión esta que se fixo e a dotación dun ascensor o inmoible; dí que no seu momento foi moi criticado polo anterior Alcalde, polo que sinala que fará todo o que este nas súas mans neste e noutros temas se ben pide que non haxa descalificación por ditas intervencións.

Intervén o Sr. Iglesias Sendin, para sinalar que o seu grupo ratifica punto por punto a moción presentada; respecto a colaboración doutros grupos debese facer con lealtade e non a escondidas e coa finalidade de conquistar un rédito político.

O Sr. Alcalde intervén para dicir que estamos a falar de competencias que non son do Concello senon da Xunta de Galicia; dí que dende o Concello en reiteradas ocasións se demandou a solución dos problemas de accesibilidade coa instalación dun ascensor, a creación dun espazo de xogo para o cál cedeuse un terreo e aínda non se fixo nada; dí que único que fai o Consorcio e reclamar unha debida os Concellos, cando estes non participan para nada na xestión das escolas infantís.

De seguido sométese a votación a moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

ROGOS E PREGUNTAS.-

De seguido o Sr. Alcalde procede a constestar as preguntas presentadas por escrito, en tempo e forma, por parte do concelleiro do P.P., o Sr. Fernández Gil e que son as seguintes::

1ª PREGUNTA.-Que tras a celebración das últimas xuntas de portavoces, nas que se falou, entre outras cousas de prazos e procedementos relativos ao PXOM, interesa saber:



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

- 1) Cal é a data na que se ten previsto dar resposta ás alegacións presentadas polos veciños e veciñas de Ribadavia ao documento aprobado no ano 2008?
- 2) Cal é o procedemento que finalmente se empregará para dar resposta ás devanditas alegacións?

Resposta o Sr. Alcalde: En canto a data previstas para dar resposta as alegacións sinala que é unha cuestión que teremos que falar os grupos así como tamén co equipo redactor, haberá que determinar o momento procedimental oportuno; en canto a comunicación da resposta das alegacións darase o tramite administrativo que estableza a lexislación vixente, todo elo sen perxuízo do que se acordo por parte dos grupos municipais, xa que o plan no é do grupo de goberno senon de todos.

2ª PREGUNTA.- Que tras recibir información de diferentes fontes que aseguran que se empregaron medios humanos e materiais do Concello de Ribadavia para proceder ao arranxo do campo de fútbol de Quins para uso do Ribeiro F.C. e tendo en conta a redacción do artigo 97.7 do R.O.F., no cal se indica que as preguntas formuladas por escrito con vinte e catro horas de antelación a un Pleno serán contestadas ordinariamente na sesión, interesa o seguinte:

- 1) Empregáronse medios materiais e humanos do Concello de Ribadavia para o arranxo de vestiarios e do campo de fútbol de Quins?.
- 2) En caso de que así fose, cal é o custo cuantificable desta actuación e en qué partida orzamentaria será imputada?
- 3) Así mesmo, solicitamos un informe xurídico sobre esta actuación, en caso de terse producido, no que se sinala se é asustado a dereito o feito de empregar medios municipais para o arranxo dunha infraestrutura deportiva noutro concello.

O Sr. Alcalde dalle a palabra o concelleiro Don Javier Iglesias Sendin para que responde a pregunta xa que foi o interviu nesta actuación.

Resposta: Debido as inclemencias metereolóxicas acaecidas en datas pasadas produxose o anegamento de varios campos de fútbol, os cales quedaron impracticables para a práctica do fútbol, para o cal fíxose necesario buscar unha solución, de feito dende o principio de temporada, ante a situación do campo de herba artificial mantiveronse reunións co Maside e o Arnoia, xogando algúns equipos nesas instalacións; dí que cando se produxo esa situación falouse co presidente do Quins para tratar de conquistar a cesión de dito campo, nun principio a traves do Ribeiro F.C., pero dado de que habia outros clubs en similar situacións, canalizouse a traves do Concello e así formalizouse un convenio de colaboración entre o Quins F.C. e o Concello co obxecto de que poidan xogar os equipos deste Concello (Ribeiro F.C., Francelos F.C., fútbol base e outros equipos do Concello que se atopen interesados en utilizar ditas instalacións).

En canto as actuacións levadas a cabo dí que se fixeron dende o Concello labores de acondicionamento consistentes en alisamento e desbroce do campo, intervindo dúas horas o operario das instalacións deportivas e o vehículo pick-up



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

titularidade do Concello, así como tamen se fixeron pequenas reparacións de luz (colocacion de luminarias) nos vestiarios, cantina e colocaronse dous calentadores. Finaliza a súa intervención dicindo que se lle sorprendeu que se fixerá esta pregunta por escrito, dí que descoñece porque molesta tanto a actuación do Ribeiro F.C., cando é o club con máis fichas do Concello e proporcionalmente con menos axudas económicas por parte do Concello, polo que anuncia que vai a solicitar unha valoración do custe para o Concello dos outros clubs que utilizan instalacións municipais, solicitando un trato igualitario para todos. Finaliza que ante o problema suscitado habría que darlle unha solución e pensa que a dada e boa, cun custe pequeno e que beneficiará a todos os clubs e os interesados que o soliciten no Concello.

Polo concelleiro de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, o Sr. Vázquez López formúlase o seguinte rogo:

ROGO.- Rogaríalle o Sr. Alcalde que dado que a xestión do parking é do Concello que por parte dos taxistas se poida utilizar o baño do aparcamento.

Resposta o Sr. Alcalde que non hai inconveniente.

Polo concelleiro da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, o Sr. Fidalgo Martínez formúlase os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Que se revisen os colectores de lixo que se atopan en mal estado, sen tapas e sucios, en particular fai referencia o sito na Porta Nova; respecto os soterrados que limpen así como se limpe o colector de aceites usados.

Coa autorización do Sr. Alcalde, intervén o Sr. González Amaro para dicir que a partir de mañá substituiranse os colectores que se atopan en mal estado e procederase a limpar e adecentar os restantes.

2º ROGO.- Que se revise o alumeadado de varias parroquias do Concello, xa que hai moitas farolas que non funcionan así como no propio casco histórico.

3º ROGO.- Que se adopten medidas cunha edificación que se atopa na rúa Ribeiro, xa que existe risco de desprendimento de obxectos cara a vía pública.

4º ROGO.- Que se repoña a baranda sita no cruce da praza de abastos coa rúa banda Lira así como tamén se proceda a podar a árbore ali existente.

5º ROGO.- Que se proceda a limpar a fachada da entrada do aparcamento soterrado.

6º ROGO.- Que se axilice a reunión solicitada co equipo redactor do Plan Xeral de Ordenación Municipal.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

7º ROGO.- Reitera diversos rogos feitos en derradeiros plenos, en concreto a solicitude de informe técnico sobre o estado da depuradora, que se adopten medidas para evitar o acceso de vehículos o paseo do Avia , dende a Veronza ata a baixada do camiño a Barca, e que se proceda a retirada de material de obra existente na Travesía Ribeiro e se proceda finalizar a obra.

PREGUNTA.- Na Xunta de Goberno do día 11 de xaneiro tomouse coñecemento dun informe da Secretaria Xeral da Deputación sobre o procedemento a seguir e as posibles responsabilidades patrimoniais das distintas administracións públicas con respecto a situación do campo de fútbol situado en zona de afección da Autovía A-52; dí que dito informe conclúe en que hai unha responsabilidade patrimonial e que prescribe o día 21 de xullo de 2016, polo que interesa saber que se fixo neste tema e solicita que se fago o que se recomenda nese informe.

Resposta o Alcalde: O informe o que se fai referencia encargouno a Alcaldía; di que dese informe derivase unha responsabilidade mínima do Concello, non así da Deputación e da Confederación Hidrográfica; di que antes de presentar a reclamación patrimonial falará cos organismos implicados.

Polo concelleiro do P.P.,o Sr. Fernández Gil formúlanse as seguintes preguntas:

1º. ROGO.- Solicita que se lle pase o informe medioambiental sobre o Plano Xeral de Ordenación Municipal.

2º ROGO.- Solicita se proceda a retirada do alumeado de Nadal que existe na muralla do Castelo, así como tamén un puntal de obra que hai na mesma dende fai moito tempo.

O Sr. Alcalde dí que non se retirou xa que se utiliza para o Entroido e a Feira do Viño.

1ª PREGUNTA.- Na Xunta de goberno de data 25.01.2016, prestouse aprobación a un expediente de xeración de créditos, polo que solicita a que se refire.

Resposta o Sr. Alcalde: Corresponde ao convenio para a MIT asinado coa Deputación Provincial.

2ª PREGUNTA.- Na Xunta de Goberno de data 25.01.2016 acordouse solicitar unha subvención para o proxecto denominado "Mellora da rede de abastecemento e saneamento en San Cristovo", interesa saber a que se refire.

Resposta o Sr. Alcalde: É unha pequena actuación que vai dende o camiño das ánimas ata a igrexa, encadrase en actuación no casco histórico xa que hai máis posibilidades de que a concedan.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

3ª PREGUNTA.- Debido as inundacións pasadas o camiño que vai dende o Xestal ata San Cristovo quedou practicamente inservible polo que solicita se miré se se pode utilizar a garantía deposita para o seu arranxo.

Resposta o Alcalde: O tratarse dunha cuestión de forza maior cree que non se pode utilizar a garantía, outra cousa é que a obra non se houbera executado correctamente.

4ª PREGUNTA.- Dias pasado motivado pola choivas produxose unha inundación dunha vivenda en Santo André, interesalle saber que actuacións fixo o Concello.

Resposta o Sr. Alcalde: E un problema alleo o Concello, xa que as canalizacións son veciñais. Trasládouselle escrito a Axencia de Infraestructuras da Xunta xa que hai un problema cos sumidoiros da estrada que poden motivar esta problemática.

5ª PREGUNTA.- Interesalle saber porque habendo baixas no persoal do Concello non se esta a utilizar as bolsas de traballo e si se están a producir a renovación de contratos.

Resposta o Sr. Alcalde: E certo que houbo algunha baixa se ben o ser de pouco tempo non se tirou da lista xa que perxudicarse a chamada xa que unha vez se incorporase pasaría o final da lista; di que nas vindeiras baixas ou vacantes tirarase da lista.

6ª PREGUNTA.- En relación coa pregunta feita por escrito relativa as actuacións levadas a cabo no campo do Quins, di que se ha fixo foi porque non se due conta das actuacións levadas a cabo nas comisións informativas e rogalle que non se fagan afirmacións como que os membros do P.P. teñen algo en contra do Ribeiro F.C., xa que estas afirmacións ademáis de ser gratuitas son graves.

Resposta o Sr. Alcalde: Pensa que non houbo mala intención por parte do concelleiro e o que cree e que esta dolido e discriminado o club polo número de nenos que atenden.

7ª PREGUNTA.- Interesalle saber se se solicitou a subvención para o fomento da empregabilidade.

Resposta o Sr. Alcalde: Solicitaronse as mesmas brigadas que en anos anteriores; dí que tamén están traballando con outros concello limitrofes (Castro de Miño e Carballada de Avia), para solicitar subvencións conxuntas como o obradoiro de emprego e unha relativa a un plan xuvenil laboral.

Polo concelleiro do P.P.,o Sr. Sotelo Barroso fórmulanse os seguintes rogos:



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

1º ROGO.- Que se proceda a limpar a base do colector soterrado que hai fronte o Banco de Santander.

2º ROGO.- O lado do bazar Che falta un pivote e tratase dunha cuestión reiterada a súa retirada polo que solicita adoptense as medidas oportunas.

3º ROGO.- Solicita se informe os veciños de todas as subvencións as que poidan optar, tando do Concello como da Xunta de Galicia, ben a través dun bando ou notas informativas nos taboleiros do Concello.

O Sr. Alcalde díxame que dita información esta colgada na páxina web e no facebook do Concello.

4º ROGO.- Que se busque solucións co tema da barredora municipal que non está a funcionar.

5º ROGO.- Que se adopten medidas co problema de saneamento que hai no cruce coa rúa San Martín.

6º ROGO.- Que se repoñan os árbores secos existente na zona da Veronza.

7º ROGO.- Que se proceda a retirada dun vehículo que hai na zona da sindical que leva casi un ano ali aparcado.

8º ROGO.- Que se proceda a arranxar un bache que hai na zona do colexio de Francelos así como outro que hai na zona de San Lázaro.

9º ROGO.- Que se adopten medidas na zona do Instituto de F.P., en San Paio, xa que hai un muro que ameaza ruína.

10º ROGO.- Que repoña a luminaria que falta no camiño do Coto en San Paio.

11º ROGO.- No camiño das Fontiñas solicita que se limpen as zonas do curtes de auga que se fixeron.

12º ROGO.- Que se proceda a reparar os baches da zona da estación de autobuses e na zona de Val de Pereira, no camiño que vai por debaixo da ponte do tren.

1ª PREGUNTA.- Interesalle saber se hai bases para os desfiles do Entroido 2016.

Coa autorización do Sr. Alcalde resposta a Sra. López Touza, para dicir que o martes pola mañá colgaronse na páxina web e de feito xa hai xente anotada.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2ª PREGUNTA.- En relación coa Cabalgata de Reis, sinala que foi un erro anulala, dí que houbo falta de organización, que a xente non poido pasar ata as 6 o pavillón e estiveron que estar esperando na porta, polo que interesa cal foi o motivo da súa suspensión e se os participantes van a cobrar polas carrozas.

Resposta o Sr. Alcalde: Esperouse ata as 2 do mediodia para tomar a decisión e ante as previsións climatolóxicas optouse por suspender a Cabalgata e levala para o pavillón, visto o que despois choveu pensa que foi unha decisión acertada.

Concluído o anterior, ás nove e media da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*